

## NOUTURNIO

D'a aldea lexana fumegan as tellas;

Detrás d'os petoutos vay póndos' o sol;

Retornan pr'os eidos co'a noite as ovellas

Tiscando n'as veiras o céspede mol.

Un vello, arrimado n'un pau de sanguíño,

O monte atravesa de car' ó piñar.

Vay cando; unha pedra topóu n'o camiño

E n'éla sentóuse pra fôlgos tomar.

—¡Ay! dixo, ¡qué triste,

Qué triste eu estou!

Y-on sapo q' o oía

Repuxo:—¡Cró, cró!

¡As ánemas tocan!... Tal noite com' esta

Queimóusem' a casa, morréum' a muller,

Ardéum' a xugada n'a corte y-a besta,

N'a terra a semente botóus' a perder.

Vendin pr'os trabucos vacelos e hortas

E vou po-lo mundo d'enton á pedir;

Mais cando non topo pechadal-as portas

Os cáns sáyem' élas e fánme fuxir.

Canta, sapo, canta:

Tí y-eu ¡somos dous!...

Y-o sapo, choroso,

Cantaba:—¡Cró, cró!

Soliños estamos antrambos n'a terra,  
Mais n'ela un buraco tí alcontras y-eu non.  
A ti non te morden os ventos d'a serra.  
Y-a min as entranas y-os osos me ron.

Ti, nádo n'os montes, n'os montes esperas,  
De cote cantando, teu térmeno ver;  
Eu, nádo entr' os homes, dormento entr' as feras,  
E morte non hacho, si quero morrer.

Xa tocan..... Recemos,  
Que dicen q' hay Dios!...  
El reza y-o sapo  
Cantaba:—¡Cró, cró!

A noite cerraba, y-o rayo d'a lua

N'as lívidas cumes comenza á brilar;  
Curisco que tolle n 'os ábores brua  
Y-escóitase ó lexos o lobo ouvear.

O probe d'o vello, c'os anos cangado,  
Erguéuse d'a pedra y-o pau recadou;  
Viróu par'os ceos o puño pechado  
E car' ós touzáles rosmando marchóu.....

C'os ollos seguindo-o  
N'a escura extensión,  
O sapo quedóuse  
Cantando:—¡Cró, cró!

Manuel Curros Enríquez